

Roteiro

cultural 2019



IES Neira Vilas
IES Miraflores



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

Organización: Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros, Servizo de Normalización Lingüística, IES Mirafloros de Oleiros e IES Neira Vilas de Perillo

Coordinación:

- Biblioteca Central Rialeda
- Servizo de Normalización Lingüística
- Rosa García Vilariño
- Graciela Grande Veloso, profesora de Lingua e Literatura Galega do IES Mirafloros
- Alberto Pombo, profesor de Lingua e Literatura Galega do IES Neira Vilas

Profesorado:

- Graciela Grande Veloso, profesora de Lingua e Literatura Galega e Concepción Castro Higuelmo, profesora de Xeografía e Historia do IES Mirafloros
- Alberto Pombo, profesor de Lingua e Literatura Galega do IES Neira Vilas

Alumnado (curso 2018-2019)

Alumnado do IES Mirafloros (1º de bacharelato): Lucía García Astray, Ángeles Ares Filloy, Silvia Sereno Baptista de Sousa, Yessica Cubilla Barreto, Diego Fernández Carro, Roberto Orjales Rollón, Carlos Fuentes Varela, Fernando Francia Ortiz, Eva Cambre Díaz, Andrea Imia Fonseca, Sofía Núñez Rey, Alexandra Tomás Fernández, Carolina Ascón del Campo, Álvaro Catro Vilariño e Alejandra Cancela Alba.

Alumnado do IES Neira Vilas (3º de ESO): Lucía Barros Santos, Nadia Boughaba Álvarez, Gema Gerónimo de la Cruz, Alejandra Gestal Nieto, Silvia Gómez Puente, Miguel Juanatey Lourido, Adel Kandouri Martín, Viktoria Lenze Álvarez e Miguel Ángel Paredes Servián.

Deseño e maquetación: Departamento de Comunicación do Concello de Oleiros

Edición: Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros e Servizo de Normalización Lingüística

ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO

2019



Igrexa e cemiterio de Liáns
(Onde está enterrada Rosalía Mera)



Casa de Felipe Criado
(Onde viviu e tiña o seu estudio Felipe Criado, preto de Mera, en Serantes)



Villa Galicia
(Onde estivo agochado Luis Seoane ao estalar a guerra civil)



ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO

*Felipe Criado, Rosalía Mera
e Luís Seoane*

Esta actividade organizase entre o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística, o IES Miraflores de Oleiros e o IES Neira Vilas de Perillo. Consiste no percorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron ou que tiveron algunha relación con estas persoas ilustres, como unha homenaxe a todas elas. Comezaremos en Mera onde se presentará o insigne pintor Felipe Criado, visitaremos o seu estudio e repararemos no seu cadro titulado Xente de Mera, que pintou en 1958 e é propiedade do Concello de Oleiros, comparándoo coa súa localización actual; trasladarémonos diante da igrexa de Liáns onde lembraremos a importante empresaria Rosalía Mera; finalizaremos no parque do Emigrante de Santa Cruz, diante da escultura realizada seguindo o deseño de Luís Seoane para homenaxear este egrexio artista.

Os obxectivos que se pretenden conseguir son:


- Dar a coñecer diferentes persoas ilustres que viviron en Oleiros ou que tiveron algunha relación con este concello.
- Mellorar o coñecemento de patrimonio e espazos do termo municipal de Oleiros.
- Promover a lectura.

“Diante dun cadro de Felipe Criado

... Porque nas cores mansas e nos perfís do xesto que entenrece o desexo para ensanchar o gozo hai un matiz de auga e un alivio encantado de tenrura.

Qué serena esa arte do ser, sutil entraña que pinta para dentro o fulgor delicado dos corpos que reviven a namorada luz do paraíso”.

Miguel Anxo Fernán-Vello



F

elipe Criado Martín nace en Musel, Xixón, en 1928, mais durante as primeiras décadas, entre infancia e adolescencia, e por mor do traballo do pai, a súa vida é itinerante e esta vivencia nómade vai configurar tanto a súa vida persoal como a artística. Así desde o lugar de nacemento asturiano pasará a Cataluña, a Cantabria, volverá a Asturias e finalmente estabilizará a súa vida en Galicia, pasando primeiro por Ourense, Santiago e rematando na Coruña.

Seu pai, Lucio Criado, era oficial do Corpo de Carabineiros, e é por esta condición que a familia se ve sometida a diferentes traslados. Súa nai, María Martín, dedicada á familia, orienta os dous fillos cara ao estudo. Así o seu irmán máis vello, Carlos Criado Martín, escollerá a carreira de Químicas, mentres que para Felipe a docencia será unha obrigaición e a vocación artística a súa paixón.



Felipe Criado acompañado dos seus pais e irmán

Esta sensación vital nómade da infancia con continuos cambios vai unida á lembranza do bombardeo da cidade de Santander en 1936 -conta con oito anos- onde se encontraba coa súa familia. Felipe Criado, tanto por escrito coma oralmente, ten destacado este horror vivido xuntamente co seu irmán máis vello, Carlos, e como sendo ambos os dous aínda moi nenos descubriron o horror da guerra.

Aséntase finalmente a familia en 1942 en Santiago de Compostela. Felipe Criado inicia así o seu arraigo galego, remata en Compostela o bacharelato e a continuación inclínase pola Medicina, que debe abandonar ao enfermar de tuberculose e ter que soportar unha longa convalecencia. Estes son anos de reclusión, de lecturas e de moitos trazos sobre o papel para realizar calquera debuxo cara ao que xa mostraba preferencia desde moi novo.

Cando aínda non sabe moi ben cara a onde orientarse, Felipe Criado, para atender as súas arelas artísticas, matricúlase na Escola de Oficios e alí coñece a Francisco Asorey González, artista de primeiro nivel na arte da escultura e membro da Xeración Nós. Este vendo as súas ca-



Felipe Criado o día da súa Primeira Comunión


lidades para a arte anima a cursar estudos de Anatomía, Disección, Modelado Anatómico e Escultura e aínda que claramente o noso autor amosa evidentes tendencias artísticas, non vai rematar como escultor, senón como creador plástico. A orientación de Asorey é determinante para el. A admiración do novo pintor polo seu mestre e escultor frutificará nun retrato ao óleo que executa en 1957. Felipe Criado dará a coñecer sempre a excelencia do seu mestre e doerá de que non reciba desde a sociedade galega os honores que o gran escultor merece.



Encamiñado, daquela cara ás artes plásticas comeza os seus estudos -grazas á bolsa concedida pola Deputación da Coruña- na Escola de San Fernando en Madrid, que remata en 1959. Na súa estada en Madrid vai coincidir con compañeiros de curso como Lucio Muñoz, Antonio López ou Isabel Quintanilla. As súas excelentes aptitudes para o debuxo e a incorpora-

ción das técnicas aprendidas van facer que se inicie moi axiña no retrato.

Esta temática de inicio vaise manter ao longo da súa carreira e así constatamos retratos desde o ano 1952 tanto da súa moza, Mercedes Boado, coa que casará ao remate da carreira en 1959, coma do seu admirado Asorey no ano 1957 e de personaxes ilustres e importantes da docencia en Compostela a partir dos anos 60 como Moreno Báez, ou Varela Jácome. Nos anos 70 ademais de retratos de compañeiros docentes destaca o realizado ao cardinal Quiroga, a Francisco José Alcántara, ao querido periodista coruñés Bocelo e máis adiante a escritores como Carlos Casares e Torrente Ballester e o realizado ao tan admirado Isaac Díaz Pardo. A todos eles teríamos que engadir os relacionados co entorno familiar tanto os dedicados á súa muller, coma aos seu fillos, á súa nai e a multitude de auto-retratos que amosan a súa traxectoria vital e plástica.



"Retrato de Mercedes" (1952)

Rematada a carreira neste ano 1959, Felipe Criado regresa a Santiago de Compostela. Aquí comeza a súa docencia na Escola de Arte e Oficios de Santiago, primeiro como profesor interino e despois como catedrático e seguidamente director desta. A Felipe Criado débese o nome oficial da escola compostelá, pois el propón o nome de Mestre Mateo. Vemos logo como a presenza da escultura e dos mestres escultores conforman a súa vocación artística. Pasados estes oito anos en Santiago desde 1959 a 1967, aumentou a familia coa chegada de Felipe, Sandra e Cecilia, e establécese na Coruña para traballar no Instituto Eusebio da Garda como profesor de Debuxo e Mercedes Boado tamén o fará nos institutos coruñeses coma profesora e catedrática de Latín. En 1970 nace Pablo, o seu fillo menor.



Felipe e Mercedes diante do cadro "Retrato e autorretrato" (2007/08)

Definitivamente, Felipe Criado asume a súa condición galega e coruñesa, que se amplifica polo seu labor docente no coñecido centro de ensino, mais isto non o aparta do seu camiño artístico ao que dedica todas as horas.

Á liña temática do retrato cómpre engadir a da paisaxe que igual que o primeiro sofre ao longo do tempo unha meditada e expresiva evolución. Entre a década dos 50 ata os 70 o noso pintor móstranos a súa ollada sobre a paisaxe urbana. De Santiago de Compostela *Mercadillo de San Agustín, Plaza Fonseca, Azabachería, Platerías, Catedral* etc., e da Coruña, *Dársena, Azcárrega, Porto Pesqueiro*. Tamén destacan nesta temática os cadros das paisaxes arredor da comarca das Rías Baixas como os cadros titulados *Carril, Combarro, Vilagarcía, Vilaxoán, Vilanova* etc. Son estas paisaxes pintadas ao aire libre, ao natural con gran luminosidade e de pincelada moi miúda para seren vistos desde lonxe.




"Santa Isabel" (1964)

O maior acerto dun artista podemos dicir que está no recoñecemento do seu estilo e tamén da temática empregada. Felipe Criado atopa o seu estilo e é recoñecible a súa obra a partir do tratamento temático do corpo feminino e do emprego desinhibido do espido da muller nunha rica paleta de situación e composicións, xa en grupo ou individualizadas. Este mundo feminino enriquecese coa expresión xeométrica dos seus volumes, a escultura regresa unha e outra vez á paleta do noso pintor. Trátase da creación dun cosmos erótico que dialoga mesmo co mundo mitolóxico greco-latino e coa cultura vangardista máis contemporánea. Nesta temática atopamos tanto liñas figurativas ou modos abstractos con cores diversas desde o ocre e a paleta desdebuxada ás cores máis líricas e alegres. Son exemplo desta liña *As compracencias do Eros, Fronte ao mar, Ritmos para o movemento, FC 1986-008, Mujer*.



"Wridner: partitura para concerto en piano azul" (1997)



"A propósito dunha ducha atopada na mar Atlántica" (1996/97)



“Cando o cálido nacente despraza a fría luz norte” (1978) (Paisaxes)



Fotografía do pintor

Outra faceta a destacar do noso pintor é a súa vinculación coa cultura en xeral e coa súa particular vocación humanista. En Santiago participa como crítico de arte no xornal La Noche, dirixido por Borobó. Así no xornal santiagués atopamos recensións sobre Lloréns, Colmeiro, Laxeiro e Castelao. En Coruña colabora no deseño de pezas de cerámica con Díaz Pardo no Laboratorio de Formas do Castro. Realizou tamén ilustracións para diferentes libros e autores como a obra de teatro de Chejov, *Petición de man*, traducida por Francisco Pillado, *Cantigas de amigo e outros poemas* de Ricardo Carballo Calero, *Ángeles de Compostela* de Gerardo Diego, *Terra Chá* de Manuel María e *Trinta e oito debuxos para un país* no que cada debuxo leva un poema de Salvador García-Bolaño.



Xente de Mera (1958)



Interior do estudio do pintor

En 1958 Felipe Criado participa no concurso convocado polo Concello de Oleiros baixo o lema *O Home e a paisaxe de Oleiros* e o seu cadro *Xente de Mera* resulta premiado. É este o primeiro premio que recibe e velaquí que anos máis tarde, a partir de 1991, vai residir e instalarse preto de Mera, o que fai que o pintor cumpra un soño que tivo desde que chegou á Coruña no 1966. A casa situada na parroquia

de Serantes configúrase como unha solaina sobre o mar Atlántico, ademais de ser o punto de encontro e acollida para toda a familia e para vivir con lecer os veráns cos risos e alegrías dos netos e netas, ofrécelle a comodidade dun estudio amplo onde poder traballar con outras medidas e novos materiais.

O gusto polos murais ou obras de gran tamaño xa se plasmara na obra do noso pintor. Así podemos atopar murais nos IES Diego Delicado e Eusebio da Guarda, nos colexios públicos de Ponteceso e Narón. Tamén na Escola de Enxeñeiros Industriais de Ferrol e no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC).

O artista, pintor, muralista e ilustrador Felipe Criado Martín posúe unha inmensa obra produto dun traballo e evolución creativa constante. Inicia a súa andaina pictórica con vinte e catro anos e nunca abandonou os pinceis pois na data do seu pasamento, o 23 de novembro de 2013, deixa cadros sen rematar e aínda no cabalete no seu estudio de Serantes. Son sesenta anos de labor creativo e de continua evolución na busca da comunicación, da beleza e do sentido da vida que nos transmitiu e transmite a través da súa rica e inmensa obra.



Felipe Criado na feira "Alfaroleiros" en Santa Cruz




Felipe Criado recibiu en vida os honores e recoñecementos merecidos. Premiado en numerosos certames, académico de Belas Artes, profesor de referencia de multitude de alumnos e alumnas, pero sobre todo un artista global que comezou e rematou a súa andaina pictórica no noso municipio de Oleiros. Os seus cadros dedicados a Oleiros gardan para sempre a súa memoria.



Sin título (1981) (Ventás)

BIBLIOGRAFÍA

- CASTRO, Xosé Antón. *Felipe Criado: inicio de catálogo razonado, 1952-2012* / Xosé Antón Castro, José Luis Rodríguez, María Alonso Lescún. A Coruña: Deputación Provincial, DL. 2014
- *EGU: Enciclopedia Galega Universal* / [editor, Bieito Ledo Cabido; director, Xosé A. Perozo]. Vigo: Ir Indo, DL. 1999-2002. Volume 6. Páx. 418
- *Felipe Criado: [exposición]*. [A Coruña]: Fundación Caixa Galicia, DL. 1997
- *GALICIA. Arte* / proxecto editorial creado e dirixido por Francisco Rodríguez Iglesias. A Coruña: Hércules de Ediciones, 1993-1999. Volume XVI. Páx. IV e XV
- *GRAN Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Lugo: El Progreso; [Pontevedra]: Diario de Pontevedra, DL 2003. Volume XII. Páx. 215-216
- PENA, Ánxeles. *Felipe Criado dende as vivencias 2007/2010 [exposición]* / [Textos de Ánxeles Pena, Mercedes Rozas, Antonio Garrido Moreno]. [Ourense]: Centro Cultural Deputación Ourense, 2011



ENLACES A PÁXINAS WEB

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/froito-dous-anos-rastrexando-vida-pictorica-felipe-criado>
- https://www.lavozdegalicia.es/noticia/cultura/2013/11/24/fallece-felipe-criado-referente-plastica-gallega-ultimos-50-anos/0003_201311G24P49991.htm
- <https://felipecriadopintor.com/biografia/>
- <https://felipecriadopintor.com/>
- https://es.wikipedia.org/wiki/Felipe_Criado
- https://www.afundacion.org/es/coleccion/autor/criado_martin_felipe
- <https://www.elidealgallego.com/articulo/coruna/fallece-pintor-felipe-criado-reinventor-desnudo-femenino/20131123225944160008.html>
- www.laopinioncoruna.es/sociedad/2013/11/24/pintor-felipe-criado-fallece-85/786296.html
- www.elcorreogallego.es/verano/ecg/fiesta-sorpresa-cumpleanos-pintor-felipe-criado/idNoticia-328796/
- www.farodevigo.es/sociedad-cultura/2013/11/23/muere-85-anos-pintor-gallego/919986.html
- <http://galegos.galiciadigital.com/es/felipe-criado>
- <http://coleccion.abanca.com/es/Coleccion-de-arte/Artistas/ci.Felipe-Criado-Martin.formato7.html>

ENLACES A PÁXINAS WEB

- http://www.fundacionmondarizbalneario.org/fundacionmondariz_2011/js/tiny_mce/jscripts/tiny_mce/plugins/jfilebrowser/archivos/20110418170733_0.pdf
- https://www.youtube.com/watch?v=CGG7veZ_hr0
- <https://www.laventanadelarte.es/exposiciones/museo-de-bellas-artes-a-coruna/galicia/a-coruna/felipe-criado/2567>
- <https://www.todocoleccion.net/arte-pintura-oleo/felipe-criado-coruna-1928-2013-mera~x102593187>
- <http://www.josemariaurda.com/felipe-criado-Pintor-y-miembro-de-la-Real-Academia-de-Bellas-Artes>
- <https://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/exito-muestra-postuma-pintor-felipe-criado-colexio-fonseca/idEdicion-2015-05-21/idNoticia-933104/>
- <http://bysandracriado.com/seccion/sobre-felipe-criado/>
- <http://inefg.udc.es/noticias/453-fallecimiento-del-pintor-gallego-felipe-criado>
- <http://www.pintoresgallegos.com/bibliografia/felipecriado.html>
- <https://www.cultura.gal/gl/evento/6075/2/5104>
- <http://agencias.abc.es/agencias/noticia.asp?noticia=1538909>
- <http://www.crtvg.es/informativos/falece-o-pintor-felipe-criado-aos-85-anos-704040>
- <https://vimeo.com/64381912>

ENLACES A PÁXINAS WEB

- <http://encarnalagogonzalez.blogspot.com/2013/11/fallece-mi-gran-amigo-el-pintor-y.html>
- <https://www.fundacionmariajosejove.org/coleccion-de-arte/autores/?idautor=290>
- <http://www.galiciahoxe.com/opinion/gh/felipe-criado/idNoticia-329466/>
- <http://redemuseisticalugo.org/documentos.asp?mat=77&id=2644>
- http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2015_05/noticia_0050.html
- https://www.ourensedixital.com/_novas/11/03/gal/14_01.htm
- <http://www.elnotario.es/index.php/hemeroteca/revista-22/el-testimonio/1765-gonzalo-torrente-ballester-alimento-de-la-ironia-0-7662800296827034>



*Mar, inmensidad salina,
Bordes y honduras vivientes,
Blancuras tejidas con hilos
De voces que invocan nombres ausentes.
Mar, que nace y muere,
cuna nutriente
que mece, atrapa, golpea y rechaza.
Lanzadera de luces y estrellas
y sueños que duelen.
Todo está en ti, MAR.*

Rosalía Mera



O 28 de xaneiro de 1944 e á beira do antigo matadoiro coruñés, fronte a batida praia do Orzán, nacíu Rosalía Mera Goyenechea.

A meniña vén ao mundo no seo dunha familia de escasos recursos, vai ser a máis vella e primeira filla das tres dun matrimonio humilde. O pai, obreiro da fábrica Estrella Galicia, e súa nai traballadora incansable que chegará a cumprir o soño de ter unha carnicería no seu propio barrio.

Ao cumprir 11 anos a rapaza Rosalía contando co acordo de seus pais abandona a escola, pois xa se ve abondo maior para comezar un oficio e traer algo á precaria situación económica da familia. Estamos en 1955 e o ambiente social, cultural e económico da época acepta con naturalidade e normalidade o abandono da escola e a procura dunha aprendizaxe que leve a un oficio e a un futuro. Neste contexto

unha nena de 11 anos de orixe humilde, a quen se lle dan ben os bordados, as teas e a quen lle gustan os labores vai directamente encamiñada á costura e a ser costureira. Así desde a aprendizaxe do oficio e co paso dos anos, o seguinte banzo é buscar unha mellor posición, por exemplo ser dependenta nos diferentes comercios de moda da capital coruñesa. A casualidade fixo que Rosalía Mera xuntamente cunha amiga foran ata o comercio La Maja, na rúa de San Andrés por mor dunha oferta de traballo que acabou sendo para ela. Estamos en 1960, esta data vaise converter en fito transcendental para a súa vida persoal e profesional. No comercio traballan dous irmáns Ortega Gaona. Amancio Ortega (o encargado) e Antonio Ortega (o comercial) e, no almacén da mesma marca, Josefa Ortega (a contable). Todos eles formarán parte da creación dun emporio, que levará o nome de Zara.

O oficio de dependenta é toda unha aprendizaxe de relacións para Rosalía. Por unha parte o trato coas clientas da burguesía coruñesa, por outra coas súas compañeiras e coa propia e lexítima ambición de ser a que vende máis. Por último comeza o noivado con Amancio Ortega. Así durante tres anos traballará no comercio e xuntamente co seu mozo e no futuro cuñados e cuñadas tecerán a ilusión e ambición de superar a súa posición profesional e trazarán a idea de contar con roupa e tendas de seu.

Rosalía Mera deixa atrás a seguridade dun posto e salario fixo nunha das mellores tendas de moda coruñesas e xuntamente coa súa cuñada (muller de Antonio) Primitiva Renedo, e no propio domicilio destes, comezan unha nova aventura. As dúas mulleres costureiras e pioneiras, intentan deseñar patróns de lencería e roupa infantil. Mentres as mulleres buscan o patrón que dea co éxito dunha prenda que guste e se

venda ben, os seus compañeiros manteñen o posto de traballo fixo que lles procura o comercio, coa busca de vías de comercialización e coa observación directa en tenda e en contacto cos clientes daquelas prendas que gustan e teñen alta demanda. Despois de diferentes intentos, a prenda a confeccionar vai ser unha bata de casa con tecido acolchado de cores vivas e brillantes que se vende moi ben e procede de Cataluña. Unha vez que as costureiras fan o seu traballo, ofrécese un produto que pola súa calidade e feitura era máis barato. Ademais acértase á hora de confeccionar batas para todos os talles, pequenos, medianos e grandes, co engadido de que son bonitas, alegres e confortables.

O seguinte paso é a creación dunha marca, GOA, e o abandono do domicilio familiar onde naceron as batas porque se precisa máis man de obra, máis máquinas de coser e máis espazo. Estamos en 1963. O grupo

familiar emprendedor busca un baixo, no barrio coruñés dos Mallos, na rúa San Rosendo, xa contan con cinco persoas máis, todas mulleres coruñesas e en menos dun ano, o salto a un local máis grande na rúa Noia, tamén dos Mallos e xa son arredor de corenta e van medrando. Realízase pois un traballo continuo e nas propias palabras da nosa costureira con *tenacidade, constancia, esforzo e intelixencia. E tamén sorte*. Todas estas virtudes son a substancia do éxito.

A vida persoal de Rosalía Mera cambia co seu casamento o 7 de agosto de 1966. Mais, como o traballo aumenta, os irmáns Ortega aínda vencellados a La Maja abandonan o comercio para dedicarse a tempo completo ao seu propio negocio. Desde o obradoiro confeccionáanse as batas e a roupa de berce, que se convirten nos produtos máis vendidos polos viaxantes. Mentres tanto os compañeiros fan moitos quilómetros, van espallando a marca GOA por

toda España e coidan a comercialización para que nunca falte o pedido ao vendedor. Dous anos máis tarde, 1968, nace a primeira filla do matrimonio, Sandra. A vida de traballo e esforzo continúa e a maternidade non a para. A empresa medra e os beneficios son para investir nela, aínda así certa estabilidade económica dá para adquirir a vivenda familiar polos arredores do Riazo coruñés. En 1971 nace o segundo fillo, Marcos. A chegada de Marcos, cunha grave e importante discapacidade, transforma a vida íntima e persoal da nai. Esta data de 1971 marca un antes e despois na muller que é ata este momento Rosalía Mera e no papel de nai que quere exercer ante o fillo que tanto a necesita.

Rosalía Mera nesta encrucillada da vida, dá un paso atrás na atención do negocio familiar. A empresa medra e xa conta con naves no polígono da Grela e ás primeiras prendas engádense pantalóns, abrigos

e camisas. Ao fronte están o seu home, Amancio Ortega e os seus cunhados. Non ten por que estar ao pé da obra e ademais posúe os recursos necesarios para facelo e o obxectivo primordial e fundamental vai ser por unha parte, Marcos, e pola outra, ela mesma, precisa asimilar, comprender e afrontar o que está pasando na súa vida. Así comeza unha etapa de reflexión e busca que a leva a cursar Maxisterio, entrar en contacto con especialistas e profesores da primeira etapa da infancia. Á necesidade deste coñecemento suma o saber da psicanálise, de especialistas en logopedia, psiquiatría e neuroloxía, é dicir, anda na procura de respostas que a auxiliem no seu proceso persoal e maternal. Esta ansia vaina levar a traballar no Departamento de Atención Temperá dos Servizos Sociais da Xunta de Galicia e coidar especialmente a persoas con parálise cerebral. Para levar a cabo obxectivos claros e tanxibles de todo este proceso, Rosalía



Rosalía Mera. (Fotografía de Xurxo Lobato)



Nace así a **Fundación Paideia** que ten a súa sede na praza de María Pita. Na súa páxina web, **Paideia** explica a súa misión que consiste en *promover a innovación social desde a excelencia e interdisciplinidade, a través da creación de proxectos innovadores e sostibles que fomenten o emprego de colectivos en desvantaxe, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento económico*. Velaquí o proxecto persoal e orixinal de Rosalía Mera. A súa creación coincide co divorcio do matrimonio e comeza un novo camiño. A nosa protagonista deixa de ser a muller de, e reivindica o seu propio nome e identidade, ademais a partir do seu compromiso coa Fundación Paideia e outros proxectos que veñen a continuación, formula para si mesma un novo reto persoal e singular.

Mera pensa nunha fundación, cuxa finalidade sexa a ferramenta que faga visible as diferentes capacidades das persoas e proporcione retos de superación, autonomía para todos aqueles que quedan fóra do esquema social debido ás súas dificultades tanto físicas como psíquicas e tamén daquelas persoas que carecen de recursos.



O compromiso social que se vai proxectando desde a **Fundación Paideia** vai ir bifurcándose en polos diferentes. Así como a Fundación se centra en temas de discapacidade e a súa superación, a creación do **Centro de Iniciativas Empresariais Mans** procura dar entrada á excelencia, a esas ideas innovadoras e estratéxicas que moitas das veces atopan enormes dificultades



Rosalía Mera. (Fotografía de Xurxo Lobato)

para poderse levar a cabo. O centro é un viveiro de empresas que se estende a través de 3.500 metros cadrados de superficie no Polígono de Pocomaco. Sendo ademais moi coñecida a súa implicación na produción musical e audiovisual de Galicia.

Outros proxectos nacen na súa sede en Padrón, que se acompaña do centro coruñés de Pocomaco. Rosalía Mera mira cara á creación de grupo de empresas de economía social, **Trébore**, para atender á integración laboral de persoas con discapacidade. E para o desenvolvemento territorial funda a asociación **Deloa**, que opera nas bisbarras coruñesas de Barbanza, Noia, Sar e o concello de Muros; e **Cultigar**, un laboratorio de biotecnoloxía vexetal con sede en Brión (A Coruña).

A presenza de Rosalía Mera nos medios foi discreta e mesurada. Ela ten un obxectivo claro, que non é persoal senón que é espallar e dar a coñecer a Paideia, ás


empresas sociais por ela fundadas e polo tanto o seu empeño por facer visible tamén na sociedade as persoas que, malia as súas diversas e diferentes capacidades, son quen de enriquecela e facela máis humana e mellor. Aínda que a súa figura interesa á prensa, Rosalía Mera non procura a celebridade nin o ser famosa, máis ben vemos nela a imaxe da persoa feita a si mesma. Aposta pola formación, polo esforzo, polo risco e pola superación ante os retos que presenta a vida. Non é tampouco a nena que saída da pobreza se converta nunha cincuenta, senón que a conversión vai dirixida a ser conscientemente muller, nai e empresaria. E por todo iso chegan tamén os recoñecementos oficiais. En 2004 Medalla Castelao da Xunta de Galicia, Medalla de Ouro ao Mérito no Traballo en 2007, Premio “Mujer de Hoy” por representar a esencia da muller actual e en 2011 Doutora Honoris Causa pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo.



A súa vinculación con Oleiros nace a partir de 1985, segundo o padrón municipal. A súa familia acompañaa e son uns veciños máis, os netos escolarízanse no CEIP Parga Pondal e posteriormente no IES María Casares de Santa Cruz. Vai ser coa noticia do seu pasamento cando moitas persoas de Oleiros saiban que Rosalía Mera era unha da súas veciñas. E así desde o 15 de agosto de 2013 descansa no cemiterio de Liáns, de Santa Cruz onde todas as primaveras canta o cuco.

BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO, Xabier R. *Rosalía Mera: el hilo suelto*. Madrid: La Esfera de los Libros, 2015
- *DICIOPIEDIA do século 21*. Vigo: Ed. do Castro, Ed. do Cumio, Galaxia, 2007. Vol. 2, páx. 1351
- *El DESEO. La construcción del sujeto femenino: ciclos de conferencias sobre “El deseo” y “La construcción del sujeto femenino”*. A Coruña, febreiro-marzo de 1993. A Coruña: Fundación Paideia, 1994
- *ENCICLOPEDIA Galega Universal*. Vigo: Ir Indo, 2002. Tomo 12, páx. 39-40
- *GRAN Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Lugo: El Progreso, 2003. Vol. 29, páx. 61
- MONLLOR, Cecilia. *Zarópolis: la historia secreta de un imperio de la moda*. Madrid: Ediciones del Bronce, 2001
- O´SHEA, Covadonga. *Así es Amancio Ortega, el hombre que creó Zara: lo que me contó de su vida y de su empresa*. Madrid: Ediciones del Bronce, 2008



ENLACES A PÁXINAS WEB

- https://es.wikipedia.org/wiki/Rosal%C3%ADa_Mera
- <https://www.telegraph.co.uk/finance/newsbysector/retailandconsumer/10247484/Zara-founder-Rosalia-Meras-fast-fashion-legacy-to-the-British-high-street.html>
- https://elpais.com/economia/2013/08/14/actualidad/1376512007_063161.html
- <http://www.elmundo.es/cronica/2002/344/1021879954.html>
- <https://www.paideia.es/>
- https://elpais.com/diario/2009/08/16/negocio/1250427803_850215.html
- <https://www.forbes.com/profile/rosalia-mera/#98c686c568e0>
- https://www.elplural.com/comunicacion/las-criticas-de-rosalia-mera-a-los-recortes-y-a-la-nueva-ley-del-aborto-silenciadas-en-tve_60007102
- <https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2013/08/15/muere-rosalia-mera-cofundadora-inditex/00031376566093772956817.htm>
- https://elpais.com/elpais/2017/09/08/gente/1504868148_157775.html
- https://elpais.com/cultura/2013/08/18/television/1376844117_621005.html
- https://elpais.com/elpais/2013/08/17/gente/1376768888_001336.html
- https://elpais.com/ccaa/2013/08/17/galicia/1376745349_314291.html
- https://elpais.com/elpais/2013/08/16/gente/1376684522_944285.html
- https://elpais.com/ccaa/2013/08/16/galicia/1376671598_085212.html

ENLACES A PÁXINAS WEB

- https://elpais.com/ccaa/2013/08/16/galicia/1376649870_502752.html
- https://elpais.com/economia/2013/08/15/actualidad/1376598282_187722.html
- https://elpais.com/economia/2013/08/14/actualidad/1376512007_063161.html
- https://elpais.com/ccaa/2013/05/30/galicia/1369933784_788023.html
- https://elpais.com/elpais/2013/01/18/gente/1358527959_878511.html
- https://elpais.com/diario/2012/01/22/galicia/1327231099_850215.html
- https://elpais.com/diario/2011/06/12/economia/1307829604_850215.html
- https://elpais.com/diario/2009/08/17/radiotv/1250460001_850215.html
- https://elpais.com/diario/2009/02/06/economia/1233874810_850215.html
- https://elpais.com/diario/2008/01/22/galicia/1201000690_850215.html
- https://elpais.com/diario/2007/07/15/negocio/1184504614_850215.html
- https://elpais.com/diario/2007/03/11/economia/1173567601_850215.html
- https://elpais.com/diario/2007/02/18/galicia/1171797502_850215.html
- https://elpais.com/diario/2007/01/24/galicia/1169637500_850215.html
- https://elpais.com/economia/2015/12/02/actualidad/1449094869_961320.html
- <http://www.elmundo.es/loc/2015/01/31/54cbb23bca474180068b456d.html>
- https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2013/08/16/rosalia-mera-fallecio-acompanada-familia-amancio-ortega/0003_201308G16P2991.htm

ENLACES A PÁXINAS WEB

- https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/sociedad/2016/10/23/batas-pijamas-camisonos-primera-etapa-amancio-ortega/0003_201610G23P29993.htm
- https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/economia/2016/04/13/zelnova-pone-apellido-zeltia-pulverizar-mercado/0003_201604G13P35993.htm
- http://www.elperiodicodearagon.com/noticias/economia/muere-69-anos-rosalia-mera-mujer-mas-rica-espana_876090.html
- https://www.lasexta.com/noticias/sociedad/rosalia-mera-situacion-irreversible-sufrir-derrame-cerebral_201308155729e0906584a8e744e2da8c.html
- www.laopinioncoruna.es/economia/2015/02/15/rosalia-mera/927989.html
- <https://www.estudiosmans.com/fernando-trueba-y-rosalia-mera-fallan-la-primera-edicion-del-concurso-jazz-fussion-convocado-por-fnac-espana-y-la-fundacion-paideia/>
- <http://www.eleconomista.es/empresas-finanzas/noticias/5074237/08/13/La-prensa-internacional-se-hace-eco-del-fallecimiento-de-Rosalia-Mera-.html>
- <https://www.britannica.com/biography/Rosalia-Mera>
- https://www.vozpopuli.com/marabilias/gente/rosalia_mera-inditex-amancio_ortega-sandra_ortega_0_834516553.html
- https://www.vozpopuli.com/economia-y-finanzas/Rosalia_Mera-Inditex-Amancio_Ortega_0_616138398.html

ENLACES A PÁXINAS WEB

- https://www.elperiodic.com/benidorm/noticias/103285_rosalia-mera-principales-accionistas-inditex-estrecha-lazos-benidorm.html
- <https://ultimahora.es/noticias/local/2013/08/14/106138/mujer-mas-rica-espana-estado-critico-menorca.html>
- <https://www.muji.es/porafrika.es/noticias/pesar-por-el-fallecimiento-de-rosal%C3%ADa-mera>
- https://galicia.economiadigital.es/directivos-y-empresas/rosalia-mera-rosp-corunna-galician-marine-aquaculture_403388_102.html
- <http://www.uimp.es/institucional/doctorado-honoris-causa/rosalia-mera.html>
- <https://www.efe.com/efe/espana/cultura/un-libro-revela-el-lado-mas-innovador-de-rosalia-mera/10005-2560353>
- https://books.google.es/books?id=FP_kCgAAQBAJ&pg=PT124&lpg=PT124&dq=Rosal%C3%ADa+mera&source=bl&ots=GMJDSBxJFy&sig=64w76C3aoJWQhw_Tp1j-gdzPj7c&hl=es&sa=X&ved=2ahUKEwjpgMeSvIDdAhVqJcAKHW37Dkk4MhDoATABegQIBxAB#v=onepage&q=Rosal%C3%ADa%20mera&f=false
- <https://www.libremercado.com/2013-08-15/muere-rosalia-mera-madre-del-imperio-inditex-1276497362/>
- <https://www.vigoe.es/cultura/libros/item/8090-rosalia-mera-el-hilo-suelto-de-xabier-r-blanco>
- <http://www.noviasalcedo.es/a-rosalia-mera/>

ENLACES A PÁGINAS WEB

- <https://www.nytimes.com/2013/08/22/business/rosalia-mera-co-founder-of-zara-dies-at-69.html>
- <https://www.modaes.es/back-stage/rosalia-mera-desvela-sus-secretos-en-barcelona.html>
- <http://www.finanzas.com/noticias/economia/20130816/rosalia-mera-discrecion-millonaria-2443315.html>
- <https://cienciasycosas.com/2013/08/15/rosalia-mera-algo-mas-que-la-ex-de-amancio-ortega/>
- <https://extraconfidencial.com/noticias/rosalia-mera-una-fortuna-al-servicio-de-causas-beneficas/>
- <http://www.martinezabarca.net/2013/08/17/rosalia-mera-la-izquierda-los-de-abajo-y-el-99/>
- https://www.ara.cat/economia/rosalia-mera-zara-inditex_0_974902702.html
- <https://www.mans-paideia.com/rosalia-mera-preside-la-reunion-de-empresarios-del-centro-de-iniciativas-empresariales-mans/>
- <http://elperiodicodemexico.com/nota.php?id=691712>
- <https://www.youtube.com/watch?v=Yx9Ajx9hVLA>
- <https://www.youtube.com/watch?v=DpmDfWdodS8>
- <https://www.youtube.com/watch?v=kaB-dUXqSBQ>
- <https://www.youtube.com/watch?v=KEFZe6U4V4>
- <https://www.youtube.com/watch?v=4uxF38jOYJQ>

ENLACES A PÁGINAS WEB

- <https://www.youtube.com/watch?v=UkuqwiN5Gkk>
- <https://www.youtube.com/watch?v=X7hvzPhIWNy>
- https://www.youtube.com/watch?v=3Y87u5_akYM
- <https://www.youtube.com/watch?v=Qa9GFDeoXg0>
- <https://www.youtube.com/watch?v=ffMuI6GjIXU>
- <https://www.youtube.com/watch?v=DIlgHI8dAk0>
- <https://www.youtube.com/watch?v=guFhSE5LYaQ>
- <https://www.youtube.com/watch?v=y156senhbgI>
- <https://www.youtube.com/watch?v=sHG6z2Tm7fk>
- <https://www.youtube.com/watch?v=TI-aqZe6Ad0>
- <https://www.youtube.com/watch?v=sj718O2ATio>
- <https://www.youtube.com/watch?v=z0k5c-l3UqQ>
- <https://www.youtube.com/watch?v=jviKUA1J8sw>
- <https://www.youtube.com/watch?v=DjLf4-Hjrxw>
- <https://www.youtube.com/watch?v=KrAgJE1gNv4>
- <https://www.youtube.com/watch?v=GjllIXXnKzc>
- <https://www.youtube.com/watch?v=rVVOj33kBBY>
- <https://www.youtube.com/watch?v=wyo3Ecfvxhs>

ENLACES A PÁGINAS WEB

- <https://www.youtube.com/watch?v=Of0dwTYoA9M>
- <https://www.youtube.com/watch?v=x12dMktXvVQ>
- <https://www.youtube.com/watch?v=9HMugykrPpE>
- <https://www.youtube.com/watch?v=jaEJKjrG6FQ>
- <https://www.youtube.com/watch?v=yJyYwEUisDI>
- <https://www.youtube.com/watch?v=yE2LQqchTPs>
- <https://www.youtube.com/watch?v=MDNirvTCe8Y>
- <https://www.youtube.com/watch?v=YJCRgx7xCxo>
- <https://www.youtube.com/watch?v=7IFPU2wBWEQ>
- <https://www.youtube.com/watch?v=jWLWN6VIUkk>
- <https://www.youtube.com/watch?v=sk-tcCW4-14>
- https://www.youtube.com/watch?v=85_aq57ZFIw
- <https://www.youtube.com/watch?v=ipMfCTPILA0>
- https://www.youtube.com/watch?v=aAi_HXFnsjo




Luis Seoane: Transitando a resistencia desde a vangarda

*Loitamos pola comunidade dos homes,
a felicidade,
a precisión,
a craridade,
a xusticia,
nesa patria cuiro nome non podemos eispresar,
sen abufar ao xendarme e ao asesino
que ten as fronteiras no interior dos nosos curazós.*

...

“Silenzo”, As cicatrices (1959) Luis Seoane



Porque a patria é unha cuestión sentimental, acontece que poida un home nacer en terra allea. A de Luís Seoane (Bos Aires, 1910 – A Coruña, 1979) é unha destas historias.

6200 millas separan o porto da Coruña do *Puerto Matadero*, entrada marítima bonaerense ao país da Arxentina. Case 10.000 quilómetros. Unha distancia que foi medida –por uns– en días de esperanza e travesía; e que foi pagada –por outros– mesmo coa propia vida.

Estamos no primeiro de xuño do ano 1910. Aquí, nesta capital latinoamericana de profundo sabor galego, chega ao mundo o cativo Luís Seoane. Atrás del, seu irmán Rafael (1911) e súa irmá Estela (1913). E compartindo escenario, outros 150.000 galegos que converten Bos Aires na maior das urbes galegas, a moita distancia da xa considerada ben populosa A Coruña de 60.000 habitantes.

Porén, a pesar da distancia, a de seus pais será unha casa galega en Río de la Plata. Mantense a cultura, préndese a chama do sentimento galeguista e sóñase, ao abeiro do Atlántico, cun retorno que terá lugar cando Seoane xa conte os 6 anos.

Bule o ano 1916 na cosmopolita e moderna Coruña da Cova céltica e das Irmandades da Fala. A familia Seoane López aséntase na ventosa rúa da Torre e aquela Galiza lendaria que o pequeno Luís soñara na voz de seu pai, tórnase agora imponente e maxestosa ao pé do antigo faro. Estampas e imaxes que marcarán a súa formación vital, e que mollarán co pouso do salitre o conxunto da súa obra.

Na rúa angosta de Santo André, na Academia de don Enrique, comeza a se formar o Luís neno que, cando o ano 1920 xa botara os dentes, se traslada coa familia para a histórica Compostela. Nesta nova etapa, xa estudante de bacharelato, xermolará a

vocación plástica á luz da docencia do profesor Mariano Tito Vázquez, da Escola de Oficios Artísticos da cidade. Nos comercios da rúa do Vilar, comezan a se vender as súas primeiras obras e aquí, tamén, terán lugar as primeiras exposicións individuais.

Sen ningún convencemento, inicia Luís Seoane os estudos superiores na Facultade de Dereito en 1927. Porén, coñecerá nesta etapa os problemas do seu tempo e establecerá o contacto primeiro cos intelectuais, cos artistas e cos militantes estudiantís máis destacados da súa xeración: Arturo Soria, Miguel Gil Casares, Federico García Lorca, Álvaro de las Casas, Lois Tobío, Ánxel Casal, Carlos Maside, Colmeiro...

Ameazado con ser expulsado da facultade no ano 1930 por mor da súa posición política, de esquerda de corte marxista e nacionalista galego, abrolla con forza o camiño da conciencia política e retómase o da vocación de artista.

Colaborador en revistas como a luguesa *Yunque* que dirixe o escritor e compañeiro de estudos Ánxel Fole, na *Resol* de Arturo Cuadrado, na *Claridad* de Luís Manteiga (codirixida polo propio Seoane a partir do número 24) ou na *Ser* de Suárez Picallo; caricaturista no xornal vigués *El Pueblo Gallego* de Portela Valladares; ilustrador en publicacións de autores como Álvaro Cunqueiro ou Aquilino Iglesia Alvariño; conferenciante como representante da xunta de goberno do Centro Republicano de Santiago; participante no acto de creación da Agrupación Nacionalista Independente; asinante do manifesto de Esquerda Galeguista ou militante do Partido Galeguista desde finais do ano 1934, han ser estes, doces anos no que se sente a efervescencia cultural dun mozo posicionado perante a realidade do seu tempo e de fondo compromiso cívico.

No persoal, mocea coa que será a compañeira do seu andar, María Elvira Fernández López: '*Maruxa Seoane*'. Figura central para comprendermos a dimensión do artista.

Licenciado no ano 1932 e novamente instalado na Coruña desde o ano 1934, Seoane comeza a exercer como avogado desde o número 13 da rúa Paio Gómez da cidade. Aínda, pouco tempo despois, no baixo do número 9 da rúa Sánchez Bregua fundará un dos primeiros gabinetes laboristas do noso país.

Traballo, arte e militancia ocupan o tempo deste rapaz de 25 anos que, en xuño do ano 1935, erguerá a súa voz na oleirense parroquia de Perillo para realizar un mitin a prol da campaña galeguista.



Luis Seoane traballando nuns bosquexos

Son anos de ilusión e de camaradaxe. Seoane sabe de arte contemporánea e coñece os problemas da súa xente e da súa terra. Estabelece contactos cos intelectuais da cultura galega que, esperanzados, enchen os faladoiros do Café Galicia (onde se ergue hoxe a Fundación Barrié). Conversan tamén alí os artistas Francisco Miguel, Luis Huici, ou Concheiro. O proceso político continúa.

Estamos agora no 16 de febreiro do ano 1936 e hoxe celébranse as últimas eleccións a deputados a Cortes da República que dan como resultado a vitoria da Frente Popular.

Suárez Picallo e Vilar Ponte sacan actas de deputado pola Coruña. Castelao fai o propio por Pontevedra, e o galeguismo organizado ponse a traballar arreo para a campaña do plebiscito do Estatuto de xullo do 36. A intelectualidade galega, homes e mulleres, comprométese con Galiza. Seoane, artista con nome propio, diseña cartaces a carón de Castelao, Díaz Baliño ou Díaz Pardo.

Mais a sombra do mes de xullo do 36 avanza aproximándose e a sublevación militar do xeneral Franco contra o goberno lexítimo da Segunda República cae coma a fenda da macheta esgazando a primavera.

Luís e Maruxa coñecen a noticia do golpe militar ao saír do Teatro Rosalía, logo de veren unha obra do dramaturgo da xeración do 27 Alejandro Casona. Nos dous días seguintes, 19 e 20 de xullo, Seoane déixase ver polo xa referido Café Galicia. Poucas novas se coñecen nese intre do que está a acontecer mais, informado da gravidade dos feitos que se suceden pola nosa xeografía, Seoane desoe os consellos de fuxida que lle dirixen os amigos máis próximos e, xa na mañá do 21, sae da casa para defender o goberno civil que está a ser bombardeado polos sublevados.



Luis Seoane e a súa esposa Maruxa

“*Ou pasas por riba de min ou non saes*”, Xosé Díaz recolle estas palabras salvadoras da nai de Seoane na obra *Luís Seoane. A forxa da modernidade*.

O tempo corre. Francisco Miguel e Luís Huici serán paseados nos primeiros meses do golpe. Concheiro verase obrigado a vivir da esmola polas rúas da cidade. Son asasinados tamén Alexandre Bóveda, Díaz Baliño ou Ánxel Casal. O pensamento disidente enche de sangue o muro da praia de Bastiagueiro, o Campo da Rata e cada cuneta do país.

Luís escóndese en Villa Galicia de Montrove, nunha casa alugada por Emilio (irmán de Maruxa) e na que pasara os veráns, anos antes, Casares Quiroga. Xa no oitavo e longuísimos día de cativerio, Seoane escoita rúidos e, ao se achegar á xanela, ve como os falanxistas asasinan un home coas mans atadas a unha árbore. É tempo de fuxir apresuradamente.

Xunto ao seu irmán Rafael foxe no camiño de ferro con rumbo a Lisboa e, na súa condición de cidadáns nados na Arxentina, arranxan logo os papeis para embarcaren, xa a finais do mes de setembro, cara á cidade de Bos Aires, a onde chegan a mediados do mes de outubro de 1936.




Villa Galicia

Vén, a canda el, o desconsolo, a impotencia e o desespero. Mais tamén a forza, o xenio creador e a esperanza.

Nada demora Seoane en comezar a traballar naquela realidade bonae-rende orientando todo o seu talento creativo e esforzo en prol da lexítima causa da liberdade.

Contacta cos camaradas exiliados e continúa, desde lonxe agora, unha activísima animación cultural:

Publica. Pinta. Esculpe. Grava. Dirixe. Edita. Seoane é aquí un artista total que dá voz á causa galega ultrapasando toda fronteira. Francia, Inglaterra, Italia, Suíza ou Alemaña teñen coñecemento dos seus anxeos de liberdade. Coñece a Picasso, Ginés Parra, Henry Moore, Herbert Read ou Lucien Freud.




Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo

Xa na década dos 60, co debilitamento do réxime totalitario, Luís e Maruxa comezan o camiño de retorno a Galiza, con frecuentes viaxes que terán, entre outros mesteres, a posta en andamento –a carón do tamén infatigábel e coraxoso Isaac Díaz Pardo– da creación da primeira industria ideada en chave de país. Nace así no ano 1963, en Cervo, o Laboratorio de Formas e, del, o Museo de Arte Carlos Maside e a restauración da actividade cerámica de Sargadelos.



Será este un traballo empresarial e cultural do que se verían beneficiados nomes propios da nosa cultura que encontrarían, xa agora, un espazo de intervención, de pensamento, de dignificación e reivindicación cultural, de memoria, de publicación e, en varios casos e ocasións, mesmo de residencia.



Inauguración do Monumento ao Emigrante en Santa Cruz, o día das Letras Galegas o 17 de maio de 1994

A cabalo entre Galiza e Arxentina, o matrimonio instalárase definitivamente na cidade da Coruña no ano 1971. Poucos anos despois, ás once e media da noite do 5 de abril de 1979, a cidade do faro vía marchar para sempre, lúcido e cunha mancha de proxectos en mente, un dos seus fillos predilectos.

A título póstumo, o mundo das artes continuou, e continúa hoxe, a honrar a súa figura. Así, no ano 1981 créase na Coruña a Sala de Teatro Luís Seoane e, en 1984, dásele o seu nome a unha praza do barrio de Elviña onde se descobre un busto. No Concello de Oleiros, diante do imponente Castelo de Santa Cruz, dedícase un parque onde se erixe un monumento que recorda o exilio e a migración e, tamén aquí, a localidade de Mera verá como medran con fachenda nenos e nenas que descubren o mundo desde unha escola que loce o nome de Luís Seoane.



Acto de inauguración do "Monumento ao Emigrante"



A Real Academia Galega rendelle homenaxe no Día das Letras Galegas de 1994 e, dous anos despois, o inmenso legado do artista facíase público desde a Fundación coruñesa que se abría ao mundo portando o seu nome.


O ano 2019 desde o que se pousan estas liñas, ten aínda o sabor dos versos de Luís Seoane, o cheiro do óleo e da salitre, garda a historia que a tinta gravou para sempre na memoria de todo un pobo. Porque este ano, Seoane, é o autor venerado no Día das Artes Galegas.

Resulta imposible entendermos a nosa historia contemporánea sen pararmos a nosa ollada sobre a vasta dimensión dunha voz tan única e tan rebelde como a de Luís Seoane. 40 anos despois do seu pasamento, Seoane continúa a ser unha das pezas centrais na recuperación cultural de noso. O concello de Oleiros pode sentir orgullo do seu paso infinito por estas terras.



Parque do Emigrante en Santa Cruz

Mostra dalgunhas das obras pictóricas de Luis Seoane



"O vello e o paxaro"
Óleo sobre lenzo (1950)




"Muller pelando patacas"
Óleo sobre lenzo (1950)




"Paisaxe"
Óleo sobre lenzo (1964)



"Emigrante"
Óleo sobre lenzo (1967)



"Figura I"
Óleo sobre lenzo (1967)



"Guerrero romano"
Estarcido (1970)

OBRA

▼ Narrativa:

- *Tres hojas de ruda y un ajo verde*. Editorial Botella al Mar. Bos Aires, 1948.

▼ Poesía:

- *Fardel d'eisilado*. Edicións Anxel Casal. Bos Aires, 1952.
- *Na brétema, Sant-Iago*. Editorial Botella al Mar. Bos Aires, 1956.
- *As cicatrices*. Editorial Citania. Bos Aires, 1959.
- *A maior abundamento*. Edicións Cuco-Rei. Bos Aires, 1972.
- *Obra poética [completa]*. Edicións do Castro. A Coruña, 1977.

▼ Teatro:

- *La soldadera*. Editorial Ariadna. Bos Aires, 1957.
- *El irlandés astrólogo*. Ediciones Losange. Bos Aires, 1959.

▼ Crónica e ensaio [Selección]

- *Eiroa* (Vigo, Galaxia, 1957)
- *Castelao artista* (Bos Aires, Alborada, 1969)
- *O irlandés astrólogo* (A Coruña: Edicións do castro, 1980)

OBRA

▼ Gravados e debuxos con textos literarios:

- *O meco*. Gravados en madeira. Prólogo do autor. Edicións do Castro. A Coruña, 1963.
- *Retratos de esguello*. Prólogo do Isaac Díaz Pardo. Edicións do Castro. A Coruña, 1968.
- *Homaxe a un paxaro*. Gravados en madeira. Prólogo do autor. Edicións do Castro. A Coruña, 1968.
- *O conde asesino de Sobrado e outros grabados*. Edicións Cuco-Rei. Bos Aires, 1971.
- *Homaxes* [a Lorenzo Varela]. Gravados en madeira. Edicións Cuco-Rei. Bos Aires, 1979.




Nota: Preséntase aquí unha pequenísima e simbólica colección da obra gráfica e ensaística. Conservamos centos de artigos sobre temas diversos escritos por Luís Seoane, prólogos para libros propios e alleos, textos autobiográficos e diferentes estudos de temática política, cultural, artística e literaria. Aínda, a obra de Seoane foi acollida en exposicións individuais e colectivas en cidades como Nova York, Toquio, Venecia, São Paulo, Santiago de Chile, Estocolmo, Madrid, Múnic, Londres, Milán, Liubliana, Dallas e un longuíssimo etc.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MONTERO, Xesús e outros. *Luis Seoane: (1910/1979). Día das Letras Galegas 1994*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, 1994
- BRAXE, Luís e SEOANE, Xabier [Editores]. *Escolma de textos da audición radial de Luis Seoane "Galicia Emigrante" (1954-1971)*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 1989
- BRAXE, Luís e SEOANE, Xabier. [Editores]. *Luis Seoane. Figuracións*. A Coruña: Deputación, 1990
- DÍAZ, Xosé. *Luis Seoane: A forxa da modernidade*. Oleiros (A Coruña): Vía Láctea Editorial, 1994
- DÍAZ PARDO, Isaac e outros. *4 anos sobre Luis Seoane cun apéndice fotográfico*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 1994
- DÍAZ PARDO, Isaac e outros. *A figura de Luis Seoane no Concello de Oleiros*. Oleiros (A Coruña): Concello, 1994
- FREIXANES, V. *Unha ducia de galegos*. Vigo: Galaxia, 1976
- OTERO VÁZQUEZ, C. *Luis Seoane*. A Coruña: Deputación, 1991
- POMBO AÑÓN, Alberto. «*Seoane, trinta anos despois*». En: La Opinión A Coruña. Suplemento cultural Sabere, 4 [4 de abril de 2009]

BIBLIOGRAFÍA

- ROIG RECHOU, Blanca Ana, LÓPEZ PÉREZ, María Xosé e PAREDES MÉNDEZ, Francisca. «*Coa cultura provenzal, en Compostela*». En: Boletín Galego de Literatura, nº. 13 (1995), 179-229
- VELASCO SOUTO, Carlos F. *A represión franquista en Oleiros (1936-1950)*. Oleiros (A Coruña): Trifolium, 2008





Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

■ Biblioteca Central Rialeda:
Avda. Rosalía de Castro, 227A
15172 Perillo - Oleiros
Telf.: 981 639 511- Fax: 981 639 996
biblioteca.rialeda@oleiros.org

Catálogo do fondo bibliográfico

<http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Visita o noso blog:
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en [twitter@biblOLEIROS](https://twitter.com/biblOLEIROS)



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

www.oleiros.org

Colaboración:

Arquivo Municipal de Oleiros

Agradecementos por orde alfabética:

Felipe Criado Boado
Fundación Luis Seoane
Fundación Paideia
Manuel Mosquera
Mercedes Boado
Museo de Belas Artes da Coruña
Pamela Garea
Sandra Ortega Mera
Silvia Longueira Castro
Tonecho Otero
Xosé Díaz
Xosé María Dobarro Paz
Xurxo Lobato

Autorizacións:

As imaxes e fotografías foron cedidas e autorizada a súa reprodución para esta publicación, pero non a outros organismos, nin a outras persoas.





Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

IES Neira Vilas

IES Miraflores



oleiroslingua